

O PARQUE ROSALÍA · CENTENARIO DA SÚA CREACIÓN

Miradoiros

1921

6

2021

Balaustrada ou Balcón do Garañón 1929-1931

Arquitecto do deseño actual:
Eloy Maquieira Fernández

Para facer a plataforma que conforma a parte alta do Parque, foi preciso facer un muro de contención de terras que ao mesmo tempo servise como miradoiro, razón pola que se lle chamou o Balcón do Garañón.

A pérgola 1927

Arquitecto: Eloy Maquieira Fernández

Aproveitando o ángulo da terraza que limitaba coa prolongación da avenida de Ángel López Pérez (actual avenida do Doutor García Portela) quere transformarse esa parte nun espléndido miradoiro, desde o que gozar, a cuberto do sol, a admirable paisaxe que ofrece o río Miño.



A estrutura da pérgola fíxose de formigón armado para as columnas e vigas que conforman a armadura

O arquitecto propón a adquisición dunha leira duns 9.000 m² que había no límite Oeste do parque, e que confinaba con el nunha

lonxitude duns 60 metros, para evitar futuras construcións e a perda de vistas, unha cuestión que estivo de actualidade no 2007.




As vigas da pérgola pintáronse de cor azul, o chan fíxose con baldosín catalán e os xarróns con cemento e area



O revoco do muro de contención e da escaleira fíxose en 1931


Destaca do proxecto o seu deseño, a súa localización e o seu carácter integrador entre a cidade e o parque. O seu mérito está en ser das primeiras obras que se fan en España con formigón armado, estilo Art Déco

O proxecto de restauración foi redactado pola arquitecta Luisa Serrano García en 2006 e as obras executáronse no 2007, case oitenta anos despois.



Escanéame para
leerme en castellano!


Concello de Lugo
ALCALDÍA
Medio Ambiente



LUGO
cidade viva